

I ANDAINA ROSALÍA NOS CAMIÑOS

Regulamento

Organizan: Concellos de Dodro, Padrón e Rois.

Data: 21 de maio de 2022.

Hora de saída: 16:30h.

Lonxitude do roteiro: 15km aprox.

Lugar de saída e chegada: Estatua de Rosalía de Castro, no Paseo do Espolón (Padrón).

Roteiro de tipo circular.

Non competitiva.

Dificultade: baixa.

1. PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas as persoas que o desexen. Os menores de 14 anos deberán estar acompañados por un adulto.

2. INSCRICIÓNS

O prazo para inscribirse na proba abrirase o 5 de maio e pecharase o 19 de maio ás 23:59h.

As inscricións realizaranse a través da web www.emesports.es

PREZO DA INSCRICIÓN

Nados/as no día 21/05/08 e anteriores: 3€/persoa

Nados/as no día 22/05/08 e posteriores: gratuíta

Andaina solidaria, toda a recadación (a excepción dos gastos derivados da plataforma de inscrición online) será doada á Asociación Amipa.

3. DORSAIS

A recollida de dorsais realizarase o día da proba nunha carpa situada no Paseo do Espolón, a partir das 15:30h e ata as 16:25h.

A andaina é de carácter non competitivo, a función dos dorsais é a identificación dos participantes.

4. AVITUALLAMENTO

Haberá un avituallamento sólido e líquido na Praia fluvial de Seira (Concello de Rois), km 7.60 do roteiro.

5. DATOS E DEREITOS DE IMAXE

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen aos organizadores (Concellos de Dodro, Padrón e Rois) .

6. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Habilitarase o servizo de duchas nos Pavillóns municipais de Padrón: Pavillón Grupo Escolar e Pavillón do Souto.
- A organización dispón de seguro de accidente deportivo para os participantes e RC do evento.
- A organización reservase a potestade de cambiar os percorridos definidos, horarios ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas aos participantes.
- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación destes nas probas. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.
- Todos os participantes inscritos no evento darán por aceptado o presente regulamento e o descoñecemento do mesmo non exime do seu cumprimento.